



## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a XUNTA ELECTORAL deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 pai/nai, dun total de 2** que debe ter o Consello Escolar. O outro representante de pais continúa como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022.
- 2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no centro e incluídos no Censo correspondente que dende o día **22 de outubro** está exposto no taboleiro de anuncios.
- 3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 12:00 horas do citado día **8 de novembro**.
- 4.- O sorteo dos membros da mesa electoral será realizado pola xunta electoral o día **11 de novembro**, ás 12:00 horas, entre os pais que non se presenten como candidatos. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do centro, que actuará como Presidenta, e dous pais/nais ou titores legais (entre titulares e suplentes), actuando de secretario o de menor idade.
- 6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.
- 7.- As votacións realizaranse neste Colexio Público o **día 15 de novembro, de 12:30 a 14:00 horas e de 16:00 h a 18:00 h na urna disposta na entrada do centro, na zona de conserxería**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 12:15 horas.
- 8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo **de 1 nome** dos candidatos presentados,



debedo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Valdoviño, 30 de outubro de 2024

A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Tania Mª Ruanova Suárez